



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso sobre ingresos das corporacións locais e xestión da tesourería

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Proceso de traballo

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	60
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2002
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Proporcionarlles ós asistentes un perfeccionamento dos seus coñecementos en materia de financiamento das corporacións locais.

Analiza-la problemática actual sobre os ingresos das corporacións locais e as perspectivas de reforma.

Análise da xestión da tesourería e os instrumentos que ofertan os actuais mercados financeiros.

Estudio da recadación de tributos e outros ingresos das entidades locais, con especial atención ó procedemento de constrinximento.

DESTINATARIOS

Tesoureiros-interventores e secretarios-interventores de Administración local, así como técnicos de corporacións locais pertencentes ós grupos A e B que presten servizos nos departamentos de xestión, inspección ou recadación das corporacións locais.

PROGRAMA

Panorama xeral sobre o financiamento das facendas locais: marco normativo. Perspectivas de futuro e análise comparada cos países da UE. A potestade tributaria derivada das entidades locais: disposicións comúns ós ingresos tributarios. A xestión tributaria local. Revisión dos actos de natureza tributaria. A inspección dos tributos locais: competencia e funcións. O procedemento de inspección tributaria. As infraccións e sancións tributarias. As ordenanzas fiscais: contido. Procedemento de aprobación, modificación e derogación. As ordenanzas de prezos públicos. As ordenanzas reguladoras de multas e sancións. As taxas: concepto e evolución. Taxas por prestación de servizos ou realización de actividades. Sistemas de cuantificación e estudos de custos. As taxas por aproveitamento especial ou privativo do dominio público. As contribucións especiais. Os prezos públicos. Os ingresos de multas e sancións. O imposto sobre bens inmobles: feito impositivo e exencións. Suceso pasivo. Base impositiva e liquidable: a determinación do valor catastral. A xestión catastral. A xestión tributaria. O imposto sobre actividades económicas: feito impositivo, non suxeición e exencións. Suceso pasivo. A determinación das cotas tributarias: tarifas e elementos tributarios. Xestión censal e xestión tributaria. Inspección tributaria. As perspectivas de futuro. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica: natureza e feito impositivo. Exencións e bonificacións. Cotas tributarias. A xestión tributaria. Os impostos municipais potestativos: o imposto sobre construcións, instalacións e obras. Feito impositivo, exencións e supostos de non suxeición. O suceso pasivo. Base impositiva e cota tributaria. A xestión tributaria. O imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana: feito impositivo e non suxeición. Exencións. Suceso pasivo. Base impositiva e cota tributaria. A xestión tributaria. A participación nos tributos do Estado.

Criterios de repartición. Cálculo do esforzo fiscal. A participación nos ingresos da Comunidade Autónoma: o fondo de cooperación local. As subvencións. Os ingresos de dereito privado. Os ingresos derivados da actividade urbanística dos concellos. As cotas de urbanización. A obtención de terreos dotacionais. Os aproveitamentos urbanísticos e a substitución polo seu equivalente en metálico. Os ingresos derivados de convenios urbanísticos. As aplicacións informáticas para a xestión de ingresos das corporacións locais. A creación de ficheiros de contribuíntes. A relación da xestión de ingresos coa contabilidade. A tesourería das entidades locais: concepto e funcións. A organización da tesourería: a creación dunha unidade de ordenación de pagamentos. O pagamento das obrigas e a súa problemática. O plan de disposición de fondos. Formas de pagamento. O endoso. Os pagamentos a xustificar. Os anticipos de caixa

fixa. As relacións da tesourería co acredor. O cobro dos dereitos e a súa xestión. O cobro por caixa e a través de entidades financeiras colaboradoras. O cobro por axentes recadadores. As relacións da tesourería co debedor. Procedemento de constrinximento (I): concepto. A concorrencia de procedementos. A providencia de constrinximento. Recursos contra a providencia. Caso práctico sobre recursos contra providencia de constrinximento. O procedemento de constrinximento (II): a providencia de embargo. A obtención de información para o embargo. O embargo de bens e dereitos. O alleamento dos bens embargados. A declaración de insolvencia do debedor. A xestión de pasivos financeiros: operacións de préstamo e crédito. As operacións de tesourería. A xestión dos excedentes temporais de tesourería. Os instrumentos financeiros para a colocación de activos. Os mercados financeiros.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os criterios de selección suxeitaranse ás directrices sinaladas na Resolución do 27 de xuño de 1994, pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades da EGAP (DOG nº 149, do 3 de agosto).

3. DATOS EDICIÓNS

LO029QA001SA

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 01/10/2002 a 12/12/2002

NUM. PRAZAS: 36

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Santiago de Compostela, sede da EGAP r/ Madrid, 2-4